

OURENSE

A Cidade da Cultura adica unha xornada á obra de Eduardo Blanco Amor

ourense / la voz | 1/6/2011

A Cidade da Cultura adicará unha xornada do seu proxecto *Galicia, ceo das letras* a análise e o estudio da figura e a obra de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897 - Vigo, 1979). O proxecto promovido dende Cultura fai un repaso pola obra e a figura de autores salientables de Galicia ou vencellados coa comunidade ou a literatura nos idiomas presentes no Estado, de Borges a Cela e de Manuel Antonio a Rosalía de Castro, e o próximo encontro estará adicado ao escritor ourensán. As ponencias e encontros sobre Eduardo Blanco Amor desenvolveranse o día 11 de xuño e o programa de actos terá lugar pola mañán. Abrirá a sesión un relatorio do profesor, tradutor e xornalista ourensán Bieito Iglesias sobre o autor ao que se lle adicará a xornada de estudio e debate.

Unha hora depois terá lugar a proxección dunha proxecto audiovisual creado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) que se estreará na cita do Gaiás e que ten como obxectivo amosar «a visión poliédrica dunha serie de escritores/as e estudosos/as sobre o universo literario de Blanco Amor». Presentarán as actividades Cesáreo Sánchez Iglesias e Mercedes Queixas.